

BD 2005: Apuntamentos e dirección

Germán Hermida

[Recibido, maio 2006; aceptado, xullo 2006]

RESUMO Nacida ao abeiro da vangarda artística e da contestación política dos setenta, con producións coma *2 viaxes* ou *A cova das choias*, a banda deseñada galega evolucionou polo carreiro das producións afeccionadas dende finais da década. *Xofre*, primeiro fanzine galego, deu paso a unha fervente actividade nos anos oitenta, con múltiples publicacións deste tipo, como *Valium Diez*. Na seguinte década sucédense novas e efémeras propostas, sendo *Frente Comixario* o grupo e publicación que acadarían un maior impacto. Fóra de tímidos intentos editoriais son as xornadas e os certames, en especial os de Ourense, os que manteñen a afección. A finais da década xorden novos encontros como *Viñetas desde o Atlántico*, e aparece a revista infantil *Golfiño*. Co século XXI multiplícase a autoedición e xorden colectivos coma *BD Banda* ou *Polaqia*. Dende aquela os autores galegos afiánzanse no panorama estatal e mesmo no exterior. Nun momento de auxe, a BD enfróntase á súa normalización e afianzamento na cultura galega.

PALABRAS CLAVE: banda deseñada, cómic, Galicia, séculos XX e XXI.

ABSTRACT Born under the wing of the avant-garde and out of the political protest of the 70s, with series such as *2 viaxes* ['Two trips'] and *A cova das choias* ['Choughs' cavern'], the Galician comic-strip evolved out of amateur productions of the end of the decade. *Xofre* ['Sulphur'], the first Galician fanzine, opened the way for a frenetic burst of activity in the 80s, with numerous publications of this type, such as *Valium 10* ['Valium 10']. In the following decade there is a succession of original and ephemeral publications, of which *Frente Comixario* ['Comical Front'] is the group whose publications make the greatest impact. Alongside these timid editorial sallies, there are the symposia and the competitions, especially those held in Ourense, which stimulate the fans' interest. At the end of this decade, there are new developments, such as the Corunna Comic Festival, *Viñetas desde o Atlántico*, and the children's magazine *O golfiño* ('The little rascal'). In the 21st century private publication becomes widespread, and groups such as *BD Banda* ['BD Band'] and *Polaqia* are formed. From then on, Galician authors become known on the national and international scene.

KEY WORDS: comic, Galicia, 20st and 21st centuries.

A historia da banda deseñada galega está claramente por escribir e sistematizar. Son escasísimas as monografías e investigacións sobre o desenvolvemento da novena arte do noso país, e a maior parte do coñecemento do medio débemolo conseguir consultando directamente as publicacións de BD (a miúdo moi dificilmente localizábeis), algúns textos xornalísticos e as hemerotecas, así como a través de conversas con autores e afeccionados. Hai que ter en conta que a banda deseñada no noso país moveuse até o momento e de xeito maioritario á marxe xa non da cultura oficial, senón mesmo dunha mínima institucionalización. Tirando as contadas iniciativas editoriais que de xeito tímido pero crecente (a partir da década dos noventa) apostan polo medio, a inmensa maioría das propostas que se teñen realizado neste campo nos últimos trinta e cinco anos tiveron carácter afeccionado. Dende *A cova das choias. Revista de cómic galego* (un número, 1974), fito fundacional da nosa novena arte, o desenvolvemento da BD dependeu maioritariamente de amantes do xénero e, sobre todo, de autores que se esforzaban por ver publicados os seus traballos no contexto dunha industria cultural inexistente.

Os comezos

O nacemento da BD en Galiza veu da man do humor gráfico, da contestación política e da vangarda artística. Nos anos setenta, a efervescencia cultural deu na creación do Grupo de Cómic do Castro (con Xesús Campos e os irmáns Díaz Arias, entre outros) que sería o encargado de sacar á luz a contestataria *A cova das choias*. En paralelo, Reimundo Patiño evolucionaba dende a estampa popular e creaba o cómic mural *O home que falaba Vegliota* (1972). Canda a Xaquín Marín, Patiño tirou na editora Brais Pinto o primeiro álbum da historia dos nosos cadriños, *2 viaxes* (1975), ademais de formar o grupo de autores Fusquenlla. Un certame de BD e varias exposicións organizadas pola Asociación O Facho na Coruña, completan o exiguo pero prometedor panorama da primeira metade desta época. En xeral as temáticas destas primeiras tentativas tenden a unificar a intención artística de vangarda cun mercado compromiso político contrario ao réxime. A emigración, a falta de liberdades ou o anticlericalismo foron temas recorrentes, o que chegou a provocar a suspensión dalgunha mostra polas autoridades e levou mesmo a optar pola edición clandestina. A actividade destes anos, aínda que intensa, non conseguiu callar na creación dunha industria propia e a maior parte dos autores involucrados neste movemento recicláronse ben para o humor gráfico (Chichi

Campos), ben para o deseño (Pepe Barro) ou as artes plásticas, sendo Xaquín Marín a principal testemuña de continuidade desta xeración na BD dende entón. A finais da década, xa en democracia, unha nova xeira collía o relevo. *Xofre. Historieta galega* (1979) marcaba unha mudanza na maneira de entender o cómic. Moito máis achegados ás correntes da banda deseñada europea do momento, Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez e Fran Jaraba puñan a andar un fanzine que, de novo, só viu un número. Desta volta, foi posíbel para os tres promotores da iniciativa continuar na súa carreira máis ou menos vencellados á BD, e aínda que foi Prado quen se dedicou a ela con máis intensidade, non faltan mostras do traballo dos outros dous autores mesmo en datas recentes¹.

Os oitenta

A concordar en gran medida coas tendencias iniciadas por este grupo, nos anos oitenta a explosión xeral de fanzines de todo tipo e temática deu tamén nun pulo para a BD. Considerados unha linguaxe moderna e contracultural, os cadriños convertéronse en sección fixa en publicacións non necesariamente dedicadas a eles (*La Nava Tintimán, Atlántico Express*) e que en moitas ocasións adoececeron de breves vidas. Canda este fenómeno apareceron abondas publicacións afeccionadas dedicadas á novena arte, impresas maioritariamente en fotocopias e que deberon enfrontar aos eternos problemas de difusión e de distribución que caracterizan este tipo de propostas. Entre os múltiples títulos daquela época (*El patito feo, Castrelis, A ameixa cacofónica*) destacou especialmente pola súa calidade e continuidade *Valium Diez*. Foi esta unha proposta dirixida por Fausto Isorna e Arturo L. Regueiro dende Compostela que congregou autores de todo o país e que se mantivo sete números cunhas tiraxes que chegaron aos mil exemplares. Esta marca, que se tardou anos en bater, levou a pensar mesmo na posibilidade dunha profesionalización da revista que, finalmente, non se chegou a concretar.

63

De xeito paralelo a esta actividade, fóra do noso país só nomes como Miguelanxo Prado, Das Pastoras ou Suso Peña conseguían unha certa repercusión (especialmente o primeiro) e participaban neste tempo en publicacións españolas ou editaban os seus propios traballos a nivel internacional.

¹ Máis concretamente trátase de *Cita na Habana* e *Campos de Cuba*, Fran Jaraba, 2000 e 2004, e de *Tarde de paseo*, Xan López Domínguez. *BD Banda*, nº 1, 2001.

Frente Comixario

Nos anos noventa viuse como aparecía unha nova xeración mentres parte dos autores que despuntaran na década anterior ían cesando na súa actividade ou optaban por outras saídas profesionais. O colectivo *Frente Comixario* puxo en marcha en Ourense logo de 1989 unha serie de iniciativas que deixaron pegada durante toda a década. Ademais dos sete números da revista homónima e de varias publicacións puntuais (*Papagiao Spray*, *Spesial Zombies*, *Spesial Pelegrín*), este grupo foi responsábel, canda a Casa da Xuventude de Ourense, da posta en marcha dunhas xornadas dedicadas á novena arte que se converteron nun referente e que, xa sen o grupo², continúan a se celebrar cada outono. *Frente Comixario* supuxo tamén o comezo da toma da consciencia da BD como sector, e dende a asociación tentouse promover, para alén dese encontro anual, unha agrupación de autores que finalmente non prosperou. Dun xeito semellante ao acontecido con *Valium Diez* e ante a dificultade de soste-la unha infraestrutura cada vez maior a partir de traballo voluntario, o colectivo disolveuse en 1993, quedando como referente para moitos afeccionados.

64 **Despois da fronte**

Logo de *Frente Comixario*, o panorama da BD voltou a se atomizar, desta volta (mediados dos anos noventa) se callar mais illado aínda do contorno cultural inmediato. É dicir, se nos oitenta a BD facía parte destacada dun conxunto de manifestacións contraculturais, nesta década semella que se desenvolve máis virada cara ás tendencias do propio medio. Nesta época son estrañas as publicacións deste tipo que conseguen manter unha certa periodicidade e chegan fóra do medio local. *Sin fe*, *Chámalle X*, *El bolchevique vespertino*, *Andando correndo pola chaira* (que inclúe no seu número tres unha extensísima lista de publicacións da BD galega), *Comikaze* (aínda activo con oito números) ou *A Carallada* son só algúns exemplos de iniciativas que se desenvolveron neste período.

Cara á institucionalización

Dun xeito paralelo, a industria editorial tomou ao longo dos noventa unha certa consciencia da BD feita en Galiza. Logo da experiencia de *Os viaxeiros do*

² O colectivo Phanzyne, encabezado por Henrique Torreiro tomou o relevo do *Frente* na organización do evento até a actualidade.

tempo (Xuntanza editorial, 1988), de Fausto Isorna con guiión de Urbano Frá, en 1993 Vía Láctea Edicións publica *O máximo arrecendo* con deseños de Fran Bueno. Nos dous casos tratábase de historias ambientadas na época castrexa que non tiveron continuación³. Tamén se producen tentativas de tradución para o galego de BDs foráneas (Galaxia con *Astérix*⁴ e Xerais, con series coma *Franka* ou *Jerôme K. Jérôme Bloch* entre outras). No entanto, a aposta con maior continuidade tivo de novo a Fausto Isorna como protagonista. Co apoio de Caixa Galicia, este autor desenvolveu sobre guiións de Aníbal Malvar a serie *Unha aventura para Simón* (cinco títulos entre 1994 e 1999).

Os primeiros traballos para editoras foráneas de Carlos Portela como guionista e de Fernando Iglesias (*Gorka, Impresiones de la isla*), Norberto Fernández e Víctor Rivas (*Kami Seeds*) como debuxantes foron as principais revelacións da nosa BD no exterior.

En 1998 Miguelanxo Prado, incansábel promotor e apoio de todo tipo de iniciativas de BD no país, pon a andar o proxecto da revista *Elipse*. Esta publicación nace no seo da Consellaría de Cultura baixo a dirección deste autor coa intención de se converter en medio de expresión para os autores do país e de fornecer contidos de BD en galego para un público de ensino secundario. Porén, o proxecto non pasou (de novo) para alén do primeiro número por mor das reticencias da Xunta a publicar uns contidos que en ningún caso apostaban por un discurso didáctico. De calquera xeito, naquel primeiro número albiscábase xa unha canteira importante, en parte herdada de *Frente Comixario*.

65

Xornadas cara á actualidade

Tamén en 1998, e de novo grazas ao traballo de Prado nace dende a Coruña e en gran medida por unha aposta persoal do alcalde Francisco Vázquez, *Viñetas desde o Atlántico*. Este salón consolidouse nas súas (polo momento) oito edicións como un dos eventos deste tipo máis destacados do Estado, até o punto de igualar e mesmo superar o veterano *Saló de Barcelona*

³ Esta época resulta unha ambientación recorrente para a nosa BD, xa que fora empregada a mediados dos oitenta na serie "Aventuras dun neno galego" de Xesús Franco e Xesús Bofill (publicada en *Faro de Vigo* e recompilada en tres álbums) e aparece de novo en *Os Barbanzóns* de Pepe Carreiro.

⁴ Houbera unha edición anterior de varios títulos, a cargo da librería coruñesa Arenas.

en canto a mostras e presenza de autores internacionais (e sen contar coma aquel co apoio da industria editorial). A presenza dos postos de venda nos propios xardíns de Méndez Núñez e a gratuidade das actividades están a conseguir que o encontro se faga especialmente popular e acade cifras de cincuenta mil visitantes cada ano, segundo a organización.

E falando de xornadas, non debemos esquecer que continúan a se celebrar anualmente e sen dar mostras de esgotamento as Xornadas de BD de Ourense. O traballo de Henrique Torreiro (un dos indiscutíbeis especialistas no medio que temos en Galiza), canda a Benito Losada, director da Casa da Xuventude de Ourense, fan posíbel a continuidade dun evento que callou como punto de encontro para a afección e os autores e que leva xa publicados doce números de *O fanzine das xornadas*. Ademais, a raíz deste evento, o colectivo Phanzynex xestou unha exhaustiva fanzinoteca que é sen dúbida a gran depositaria da historia da nosa BD. Dun xeito semellante a este evento xurdiron e continúan as Xornadas de Cangas, que se consolidan ano a ano como unha cita previa ao grande encontro da Coruña, e as de Arteixo, que ocupan un oco na programación invernal de BD.

66

Certames

Os certames constituíen neste medio un dos xeitos máis habituais para permitir aos autores novos ver a súa obra publicada e conseguir un mínimo recoñecemento público. Neste sentido destaca no noso país o Certame de Ourense (logo integrado no programa de concurso *Na Vanguarda* da Xunta) que xa dende comezos dos noventa se constituíu no referente do sector. Cangas, Moaña ou o Valadouro son concellos que apoian a BD con este sistema, ademais doutras propostas puntuais. En 2005, a creación do I Certame Castelao de Banda Deseñada, que convoca a Deputación da Coruña co apoio (de novo) de Miguelanxo Prado, ameaza con se facer o estandarte dos autores galegos. A importante dotación económica, xunto co feito de premiar unha obra longa (no lugar das historias curtas habituais noutros eventos) fan desta unha convocatoria que abre moitas portas á publicación dos gañadores, tanto en Galiza como no exterior. Deste xeito, o primeiro premiado, David Rubín, acaba de ver editada a historia coa que gañou canda a outras da súa autoría, no volume *El circo del desaliento* (Astiberri, 2005).

Golfiño

Unha das iniciativas máis importantes destes últimos anos no sector é a posta en marcha da revista *Golfiño*. É Xerais quen inicia en 1999 a aventura desta publicación mensual para nenos dirixida de novo por Fausto Isorna, desta volta con Miguel Vázquez Freire, que só consegue sobrevivir até 2001. En 2003 a revista viviría unha segunda época ao ser recuperada con periodicidade semanal por *La Voz de Galicia*. Esta etapa supón unha marca tanto en exemplares distribuídos (até 25.000) como en números alcanzados dentro da historia da nosa BD antes da súa desaparición en febreiro de 2004. A iniciativa, ademais, serviu como un auténtico campo de probas para autores que se enfrontaron por primeira vez aos criterios da edición profesional e mais da periodicidade fixa. Kiko da Silva, David Rubín, Norberto Fernández, o propio Fausto, Pinto e Chinto, Fran Bueno (sobre guións de Marilar Aleixandre), Miguel Robledo, Manel Cráneo, Kike Benlloch, Víctor Rivas e moitos outros foron pasando polas páxinas desta publicación que, sen dúbida, tivo moito que ver na actual saída á luz da novena arte galega.

A quinta de 2001

67

En 2001 xorde o primeiro intento serio por fraguar un medio de comunicación e un catálogo exhaustivo da BD do país. O soportal *BD de culturagalega.org* comezou a se dar a coñecer como referente e permitiu unha tímida apertura dos autores do país ao mundo. Neste mesmo ano, e sen relación aparente, xorden dúas novas propostas que supoñen un novo avance no desenvolvemento do sector. Por unha banda nace o colectivo de autores Polaquia, e por outra ponse a andar a revista *BD Banda*. En común, a intención de superar a etapa do fanzine e apostar por formatos dunha maior calidade, feitos en imprenta. Para alén diso, unha decidida aposta pola BD do país e, maioritariamente, polo noso idioma.

Polaquia naceu e mantense como un colectivo de autores polo que, con algunha baixa e varias altas, pasaron Kike Benlloch, Jano, Bernal, Diego Blanco, Serxio e Hugo Covelo, David Rubín, Alberto Vázquez, Emma Ríos e Álvaro López). Logo de lanzarse ao público con *Mmmmb!*, un experimento colectivo de historias mudas, os seus autores foron abordando a edición de monografías baixo o selo común. *Patricia* (Jano, 2002), *Alter Ego* (Alberto

Vázquez, 2002), *Esa cousiña negra que levas no peito* (Kike Benlloch, 2005), *Feliz cumpleaños May* e *A voz na caixa* (Álvaro López, 2004 e 2005), *A prueba de balas* (tres volumes, Emma Ríos, 2002-2004) son algunhas das propostas do grupo. No ano 2003 lanzábanse á aventura da publicación con *Barsowia*, un prozine en branco e negro que conseguiu reunir, para alén dos membros do colectivo, sinaturas foráneas destacadas coma Ken Niimura ou Paulo Monteiro, que manteñen rexistros que oscilan entre o intimista e o experimental, sempre cunha marcada visión de autor.

O proxecto BD Banda nace, á súa vez, da vontade do autor Kiko da Silva, co apoio do libreiro pontevedrés Anxo Paz “Cano”. A idea era recuperar o espírito de *Eclipse* e ofrecer BD de calidade para todos os públicos. A partir de aquí o proxecto medrou coa incorporación, en sucesivos números de ex-Comixarios Miguel Anxo Carvalho, Heitor Real e Paco Paradelo (xa todos retirados da creación de BD) e do xornalista Germám Ermida, tamén redactor de BD en culturagalega.org. A revista, apostando pola cor e un deseño moi coidado conseguiu ir publicando unha boa cantidade autores (moitos deles pertencentes tamén ao colectivo Polaquia) nunha liña aberta a diferentes públicos e tamén a colaboracións foráneas coma José Carlos Fernandes, Raquel Alzate ou Micha Hirt.

68

O proxecto viviu no ano 2005 unha fase decisiva de consolidación, coa posta en marcha da Colección BD Banda. A *Fiz nos Biosbardos*, de Kiko da Silva, *Thom*, de Andrés Meixide e *Tito Longueirón*, de Pinto e Chinto (volumes todos eles que recollían historias xa aparecidas en *Golfiño*), seguiulle no cuarto número *Astro*, do madrileño Javier Olivares. Este lanzamento (novembro de 2005) viu tamén unha edición en español que coincidiu coa tradución de *Fiz* e coa integración da colección dentro do selo Faktoría K de Libros, posto en marcha pola editorial Kalandraka (que até entón coeditara con BD Banda dos álbums). O Premio ao Mellor Fanzine obtido por esta publicación no *Saló del Còmic* de Barcelona (por primeira vez outorgado a unha publicación en galego) e o Premio Ourense á Mellor Iniciativa do Ano no campo da BD pecharon un ano decisivo na consolidación deste proxecto.

Autoxestión

De xeito paralelo a estas dúas propostas de autoedición, a partir do ano 2000 o sector viviu un proceso de autoorganización sen precedentes. A xene-

realización das novas tecnoloxías, especialmente Internet, semella ter sido o revulsivo que lle deu novas alas á BD dende finais dos anos noventa. A exposición pública de traballos pola rede, o intercambio de información e mesmo as posibilidades para o teletraballo permitiron manter a lapa en moitos autores que doutro xeito poderían ter abandonado o medio. A lista de correo electrónico El Noveno, impulsada por Miguel Porto, agrupa á case totalidade de autores profesionais e afeccionados en activo, serve de destacado foro de discusión e de crítica e está a supor sen dúbida un novo paso no desenvolvemento da nosa BD. A rede está a ser tamén escenario da proliferación de páxinas persoais de autores ou de grupos de creadores e comeza a actuar coma sementeira dunha nacente crítica que se desenvolve ben a través do formato blog, ben nas columnas de colaboradoras que incorporou recentemente culturagalega.org.

Por outra banda, e dentro das mobilizacións culturais que se desenvolveron como reacción á marea negra do Prestige, a BD ocupou un lugar destacado coa posta en marcha do colectivo Chapapote. Impulsado inicialmente por Manel Cráneo e Kike Benlloch, esta proposta conseguiu unir por vez primeira a totalidade dos autores galegos e publicar *H2Oil*, un volume con sesenta e unha historias que, xunta a exposicións e accións conseguiron colocar o sector no plano público en pé de igualdade coas outras propostas artísticas do país.

Froito de todo isto, en 2003 producíase a reactivación da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) coa entrada en postos directivos de toda esta nova xeración, o cal supuxo un avance na consciencia do propio sector.

A piques de estourar

Como se pode ver, semella unha acumulación de factores e de iniciativas o que está a dar nun afianzamento do sector. A continuidade da aposta pola BD iniciada pola editora Toxosoutos coa colección “Galicia en Cómic” (2 volumes, 2002 e 2003) e a serie *Os Barbanzóns* (tres volumes 2003 a 2005) de Pepe Carreiro coincide co lanzamento da xa mencionada Factoría K, que aposta ademais pola tradución e a distribución de cómic no circuíto especializado do Estado. Pola banda doutras editoras unicamente Edicións Xerais optou pola BD no último lustro con *Cita na Habana* (2000) e *Campos de Cuba* (2004), de

Fran Jaraba ou *A retirada de Sir John Moore*, de Pepe Carreiro (2002). De xeito curioso, en 2004 o Colexio de Arquitectos editaba no noso idioma *A mansión dos Pampín*, de Miguelanxo Prado dentro dun proxecto didáctico, ao pouco de que vise a luz a súa edición en castelán.

Últimas novas no exterior

Neste mesmo 2005 compróbase unha tímida presenza galega en salóns internacionais á marxe de Miguelanxo Prado (como é o caso de Emma Ríos en Bruxelas) e as primeiras tentativas de traballo nas grandes editoras americanas (Fran Bueno a debuxar a serie *Noble Causes* para Image, Javi Montes dándolle cor a varios números da serie *Hulk*) altérganse cunha presenza cada vez maior de autores galegos no panorama hispano. Logo de *Nieve Negra* (Benlloch, Jano, e López, 1999) *Freda* (Benlloch e Vázquez, 2002), *Ubu Rei* (Xaime Asensi, 2004) e dos múltiples premios de Alberto Vázquez, o 2005 preséntase co lanzamento en español e en francés de *El ojo del diablo* (Tirso Cons, 2005) e en español do *Fiz* de Kiko da Silva a cargo de Factoría K. Ademais, afiánzase a presenza continuada na revista infantil *Mister K* de autores coma Santy Gutiérrez, Víctor Rivas ou o propio Da Silva, que iniciaba tamén este mesmo outono a súa colaboración estábel co semanario *El Jueves*. Consolidouse nestes anos a presenza internacional de Carlos Portela, que iniciou directamente en Francia a publicación da serie *Os heresiarcas* (2002) con deseños de Das Pastoras, o que supón un novo fito na presenza internacional dos nosos autores.

As críticas cara a boa parte dos autores que se están dando a coñecer a través das iniciativas antes mencionadas están a ser excelentes en todo o Estado, comezan a se ver colaboracións habituais de nomes galegos en diferentes revistas e mesmo publicacións coma a andaluza *Dos veces breve* teñen apostado pola publicación dun número especial Galiza en 2004.

Dentro do propio país semella que estamos a vivir un momento de especial sensibilidade no mundo da cultura encol do cómic, do que é boa mostra esta mesma publicación. Para alén, institucións coma o Verbum-Casa das Palabras de Vigo, a Xunta ou varios concellos teñen amosado o seu interese por este campo, mentres se multiplica a presenza da novena arte nos medios nun aparente momento de explosión nunca visto no sector. A resposta que os propios

autores e os colectivos interesados lle saiban dar ao crecente proceso de profesionalización e ás necesidades de dinamización social do medio determinarán o seu futuro e a posibilidade dunha industria cultural da BD galega.

Germán Hermida

Bibliografía e ligazóns recomendadas

Banda Deseñada, en <<http://culturagalega.org/bd>>

BD Banda, en <<http://www.bdbanda.com>>

Polaqia, en <<http://www.redegalega.com/polaqia>>

Axeitos, X.L. e X. Seoane (coord.). 1993. *O cómic en Galicia*. A Coruña: Deputación da Coruña.

Portela, C. 2003. “Comic”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, v. 33.

VVAA. 1990. A banda do 17. Cadernos A Nosa Terra, 7 Maio.

VVAA. 1995. “A Banda deseñada galega”, en *Andando correndo pola chaira*, 3.

VV AA. 2000. “¡¡¡Banda deseñada!!! Galicia 2000”, *Tempos Novos*, 39.